

AXENDA 21 ESCOLAR EN CINCO CENTROS DA COMARCA**A concienciación dos alumnos en valores, actitudes e hábitos sostibles**

REPORTAXE DE P.C.R.

Considerada pola Unesco como un programa a favor da sustentabilidade do planeta, a Axenda 21 Escolar pretende "formar cidadáns responsables que adquiren unha serie de valores, hábitos e comportamentos sostibles". Cinco centros da comarca traballan na actualidade nesta liña.

Creación de puntos limpos para promover a reciclaxe, saída a espazos naturais do contorno para desenvolver tarefas de limpeza, concursos fotográficos e de aulas sostibles... Estas son só algunhas das actividades que os centros educativos integrantes da rede galega da Axenda 21 Escolar promoven entre os seus alumnos cun obxectivo claro: que os propios rapaces sexan capaces de participar "democraticamente no medio, de tomar decisións e de asumir responsabilidades" no seu contorno máis inmediato.

No curso actual, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, coordinadora da iniciativa xunto á de Educación e Ordenación Universitaria, desenvolverá ao abeiro da Axenda 21 Escolar actividades en torno a tres eixos temáticos: paisaxe e territorio, sostibilidade no centro educativo e experiencias educativas vencelladas ao entorno local. A reciclaxe, o aforo de auga ou a redución de emisión de dióxido de carbono serán outras das cuestións que os centros abordarán.

Dos cinco da comarca, o último en se incorporar á rede foi, este curso, o Fragas do Eume. No seu caso, baixo o título "Sustentabilidade e reciclaxe: a nosa casa é a terra", o centro ten previsto desenvolver diferentes actividades nas que terá un especial protagonismo o espazo natural das Fragas do Eume, tan próximas ao instituto pero descoñecidas para moitos dos alumnos do centro. Será precisamente este incomparable bosque atlántico o que servirá de punto de partida para o certame de fotografía e vídeo que baixo a temática de biodiversidade convocará o centro para todos os seus alumnos.

Tamén no marco da Axenda 21 Escolar, teñen previsto para o vindeiro martes unha plantación de froiteiras -un total de 16 prantas- en colaboración coa Asociación Galega da Froita Autóctona do Eume (AFGA), unha entidade que xa levou a cabo co instituto unha degustación de este tipo de produtos. Tamén está previsto comezar coa actividade de aulas sostibles que xa se están a desenvolver en outros centros educativos.

Concepción Arenal > Un deles é o IES Concepción Arenal, un dos máis veteranos na rede galega da Axenda 21 Escolar, na que se integrou no curso 2007/2008. Desde entón, son moitas as actividades que se veñen desenvolvendo a prol da calidade ambiental e da sustentabilidade do contorno.

A xestión de residuos, campañas de aforo enerxético ou visitas medioambientais, unha das últimas coa finalidade de extraer especies vexetais alóctonas polo ecosistema dunar e cantín de Doniños, son algunhas das propostas desenvolvidas neste centro, cuxo tema deste ano estará centrado na busca da sustentabilidade.

O que tamén leva xa uns anos neste programa da Xunta de Galicia e o IES de Fene, con actividades similares.

Pola súa banda, tanto o IES Canido como o Catabois, a implicación na Axenda 21 Escolar remóntase ao curso pasado, no que comezaron a desenvolver accións encamiñadas a fomentar entre a comunidade educativa do centro a sensibilidade e o respecto polo medio ambiente.

No primeiro dos casos, aproveitaron ademais a propia Axenda para desenvolver actividades abertas incluso aos veciños do barrio, con charlas e conferencias sobre temas centrados en variados temas, como poden ser hábitos de vida saudables. Para o curso actual están previstas moitas outras accións para os alumnos, como son a creación dun punto limpo, a realización dunha ecoauditoría, ou un estudo da utilidade da auga para o desenvolvemento humano, entre outras.

A xestión dos residuos é tamén un dos eixos fundamentais do traballo que ao abeiro da Axenda 21 Escolar desenvolve o IES de Catabois. Así, crearon un punto limpo para a recollida selectiva de móbiles, aceites, cedés ou deudevés, e pilas. Ademais, en todas as aulas se recicla papel e cartuchos de tinta.

Tamén teñen previsto levar a cabo saídas, como xa fixeron o pasado ano, á zona de Forgoselo, a Doniños ou unha visita ao punto limpo municipal.

Abrir o centro ao contorno local ou empregar a reflexión e a acción como recursos pedagóxicos son outras das finalidades da Axenda 21 Escolar.



O IES Catabois creou un punto limpo no centro c. carballeira